

CAMPAÑA ABONADOS



A forza
que nos
mantén

O Club Deportivo Lugo presenta a súa **campaña de abonados para a tempada 2026/27**, baixo o lema **“A forza que nos mantén”**, unha idea que nace do sentimento de pertenza, da fidelidade e da capacidade de seguir xuntos tempada tras tempada.

A campaña pon o foco nos verdadeiros protagonistas de cada curso: **os abonados albivermellos**. Os que están, os que seguen, os que fan do CD Lugo unha parte da súa vida, da súa cidade e da súa maneira de sentir. Unha afección que sostén o club en cada partido, en cada bancada, en cada conversa e en cada pequeno xesto.

“A forza que nos mantén” fala de compromiso, de constancia e de pertenza. Desa forza silenciosa que une o club coa súa xente e que permite mirar cara ao futuro coa ilusión de compartir unha nova tempada no **Estadio Anxo Carro**.

Porque hai decisións que non sempre se explican só coa razón. Porque hai vínculos que permanecen. Porque o CD Lugo segue sendo parte de Lugo, da súa xente e de todos aqueles que senten que estar tamén é unha maneira de seguir construíndo.



Información importante

Información sobre o Fondo Sur

Como novidade, os abonos do **Fondo Sur** volverán estar dispoñibles nesta tempada. Os prezos desta zona serán os mesmos ca os establecidos para Fondo Norte, segundo a categoría de abono correspondente.

Non obstante, debido ás necesidades organizativas e operativas do estadio en determinados encontros, especialmente naqueles partidos nos que se prevea unha grande afluencia de público, os abonados do **Fondo Sur** poderán ser contactados polo club para valorar posibles reubicacións puntuais noutras zonas do Anxo Carro.

No caso de producirse esta circunstancia, o club informará previamente aos abonados afectados e traballará para ofrecer a mellor localidade dispoñible dentro do estadio, atendendo á dispoñibilidade existente en cada momento.

Información sobre reubicacións e nova disposición das localidades polas obras do Anxo Carro

Con motivo das obras de reforma do Estadio Anxo Carro, que aínda se están a desenvolver e continuarán durante os vindeiros meses, o club quere trasladar aos seus abonados diferentes cuestións relativas á configuración de determinadas localidades e ás posibles reubicacións durante a tempada 2026/27.

A reforma do estadio implica unha adaptación progresiva dalgúns espazos do Anxo Carro á nova estrutura do recinto. Como consecuencia destes traballos, determinadas localidades deberán axustarse á nova disposición de asentos prevista no proxecto, especialmente na bancada de Preferencia.

Neste sentido, e como xa sucedeu na bancada de Tribuna, as localidades da fila 9 de Preferencia Baixa pasarán a formar parte de Preferencia Alta, de acordo coa nova configuración da bancada e coas necesidades derivadas da reforma. Esta situación afectará a determinados abonados que ata o de agora ocupaban eses asentos, polo que o club contactará persoalmente con cada un deles para informalos do seu caso concreto e ofrecerlles a mellor alternativa dispoñible.

De maneira paralela, e á marxe destes axustes definitivos na disposición dalgunhas localidades, o desenvolvemento das obras tamén poderá facer necesarias **reubicacións temporais durante os primeiros partidos da tempada.** Estas reubicacións responderán exclusivamente ao avance do plan de obra establecido por fases, polo que poderán afectar puntualmente a diferentes zonas do estadio, non só á bancada de Preferencia. Por iso, o club irá informando puntualmente a medida que avancen os traballos e se reciban novas indicacións relacionadas co desenvolvemento da reforma.

En todos os casos, o club poñerá en contacto persoalmente cos abonados afectados para comunicarlles calquera modificación ou reubicación que poida afectar á súa localidade, xa sexa de forma definitiva pola nova disposición ou de maneira temporal polo avance das obras. O obxectivo será sempre ofrecer a mellor localidade dispoñible dentro do Anxo Carro, atendendo á dispoñibilidade existente en cada momento.

O club é consciente do vínculo especial que moitos abonados manteñen coa súa localidade habitual e entende as molestias que este proceso poida ocasionar. Por iso, quere agradecer de antemán a comprensión, a colaboración e a disposición de todos os abonados ante unha situación excepcional, necesaria para seguir avanzando na reforma do estadio e poder gozar canto antes dun Anxo Carro renovado.



Fases da campaña

A campaña de abonados desenvolverase en varias fases diferenciadas.

- **Do 27 de xullo ao 9 de agosto**, os abonados poderán **renovar o seu carné a un prezo reducido**, como agradecemento á súa fidelidade e compromiso. Durante ese mesmo período as persoas que desexen formalizar un novo abono **exclusivamente na bancada de fondo sur** tamén poderán facelo, pero xa **co prezo xeral**, sen bonificación.
- Os días **11 e 12 de agosto** realizarase a **reubicación das persoas afectadas** polos cambios de asento como consecuencias das **obras do Anxo Carro**.
- Os días **13 e 14 de agosto** levarase a cabo a **liberación de asentos e cambio de localidades** para o resto de abonados.
- A partir do **15 de agosto**, activarase a fase xeral, con prezos actualizados tanto para as novas altas en calquera bancada do estadio como para as renovacións fóra de prazo

Recoméndase a todos os abonados formalizar o seu carné antes do 9 de agosto para beneficiarse do prezo especial e asegurar así a súa praza no Anxo Carro para esta nova tempada.

Os abonados cuxas localidades se vexan afectadas polas obras de remodelación do estadio terán asignada de **maneira provisional** unha localidade diferente á habitual para poder realizar a súa renovación en liña.

Esta asignación é unicamente temporal e non se corresponde coa localidade definitiva. A súa única **finalidade é permitir a renovación** do abono e garantir o acceso ao **prezo bonificado** durante o período de renovación.

Posteriormente, os días **11 e 12 de agosto**, os abonados afectados poderán seleccionar a súa nova localidade definitiva entre todas as localidades que estean dispoñibles, realizando así o cambio de localidade.

Se a renovación se realiza en liña, **recomendamos revisar a localidade asignada antes de completar o proceso** para comprobar se se trata dunha asignación provisional derivada das obras e, polo tanto, se o abono está incluído entre os afectados polo cambio de localidade.

Calendario

XULLO 2026				
27	28	29	30	31

AGOSTO 2026						
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

- Renovacións bonificadas e novas altas
- Regularización interna
- Reubicación persoas afectadas cambios de asento
- Liberación de asentos e cambios de localidades
- Renovacións sen bonificación e novas altas

Promoción sub-14

O CD Lugo renova o seu compromiso coa responsabilidade social coa posta en marcha, un ano máis e xunto ao **Banco de Alimentos de Lugo**, dunha promoción solidaria dirixida aos menores de 15 anos.

A través desta campaña, as persoas que cumpran os requisitos establecidos poderán beneficiarse dun desconto de 20 euros no abono Sub-14, aplicable en calquera das zonas do Estadio Anxo Carro.

Para acollerse a esta promoción, deberán terse en conta as seguintes condicións:

- **O desconto será aplicable exclusivamente sobre o importe correspondente a unha nova alta**, aínda que se trate da renovación dun abonado de tempadas anteriores.
- O abono Sub-14 **deberá estar vinculado ao do seu pai, nai ou titor legal.**
- A tramitación desta promoción realizárase **unicamente de forma presencial**, tanto na **CDLU Store** como nas oficinas do **Estadio Anxo Carro**.

Así mesmo, para acceder a esta bonificación será imprescindible realizar unha doazón de **6 kg de alimentos**, composta por un ou varios dos seguintes produtos seleccionados polo Banco de Alimentos de Lugo: **arroz, pasta, fariña, aceite de xirasol, legumes ou azucre**. A combinación dos alimentos poderá efectuarse libremente ata completar a cantidade establecida.

Con esta iniciativa, o CD Lugo reafirma o seu compromiso coa contorna e cos valores que representa, promovendo accións que contribúen ao benestar da comunidade.



O abono

Que inclúe

O abono do CD Lugo para a tempada 2026/27 inclúe o acceso a todos os encontros da fase regular que o equipo dispute como local no **Estadio Anxo Carro**, correspondentes ao **Campionato Nacional de Liga Primeira Federación**.

Así mesmo, o abono dá acceso a todos os partidos oficiais dos equipos que integran o fútbol base do club.



Modalidades

O CD Lugo pon á disposición das persoas abonadas tres modalidades principais de abono para a tempada 2026/27:

Abono Xeral

Destinado a todas as persoas maiores de 24 anos que non poidan acollerse a ningunha das modalidades especiais contempladas polo club.

Abono Sub-24

Dirixido ás persoas afeccionadas menores de 25 anos no momento de formalizar o abono. Para acceder a esta modalidade será imprescindible presentar o DNI ou calquera outro documento acreditativo da idade.

Abono Sub-14

Orientado ás persoas menores de 15 anos, esta modalidade require que o abono estea vinculado ao dunha persoa adulta, xa sexa o seu pai, nai ou titor legal.



Bonificaciones

As persoas que, na data de renovación do abono ou de solicitude de alta, non teñan cumpridos os 15 ou os 24 anos, ou que teñan cumpridos os 65 anos, beneficiaranse dunha bonificación no prezo do abono con respecto á tarifa de adultos. No caso de realizar a alta ou a renovación en liña, será necesaria a presentación do DNI da persoa titular.

As persoas que se atopen en **situación de desemprego** e desexen acollerse á bonificación correspondente deberán presentar **a tarxeta de demandante de emprego expedida polo SEPE**, cunha antigüidade mínima de tres meses. Esta xestión deberá realizarse de forma **presencial** nos puntos autorizados polo club.



Vantaxes

01 ENTRADAS

Os abonados poderán acceder en condicións preferentes á compra de entradas para os partidos que o CD Lugo dispute como visitante.



03 CDLU STORE

Os abonados disporán dun desconto adicional do 10 % en todas as compras que realicen na Tenda Oficial do CD Lugo (non acumulable a outras ofertas).



05 ABONO DIXITAL

Todos os abonados terán a posibilidade de acceder aos partidos que dispute o Club Deportivo Lugo no Anxo Carro desde o seu teléfono móbil, sen necesidade de presentar fisicamente o seu carné.



02 INVITACIÓNS

Os abonados disporán de 2 invitacións no seu mesmo sector do Estadio Anxo Carro para utilizar en calquera momento da tempada. Quedan excluídos os abonados Sub-14, Banco de Alimentos e os acompañantes de Diversidade Funcional.



04 PROMOCION LOITAMOS XUNTOS

O abonado que padriña unha nova alta recibirá un vale de desconto na tenda oficial do Club por un importe do 10 % da compra.


Se padriña dúas altas, recibirá un vale de desconto na tenda oficial do Club por un importe do 15 % da compra. Se padriña tres altas ou máis, recibirá un vale de desconto na tenda oficial do Club por un importe do 20 % da compra.



06 CDLU CAMP

Os abonados do CD Lugo disporán de vantaxes á hora de inscribirse nos Campus que organiza o Club. Estas poderán consistir en descontos sobre o prezo ou en preferencia no proceso de inscrición.

Donde

A PARTIR DO LUNS 27	A PARTIR DO LUNS 27	A PARTIR DO LUNS 27
		
OFICINAS ESTADIO ANXO CARRO	TENDA OFICIAL CDLU STORE	ONLINE www.cdlugo.com
Av dos Deportes s/n 27004 Lugo	Rúa Armanyá 7, esquina Rúa Conde Pallares 5 27002 Lugo	
DE LUNS A VENRES 9:00 a 16:00	DE LUNS A VENRES 10:30 a 13:30 y 17:00 a 20:30 SÁBADOS 10:00 a 13:30	
RENOVACIÓNS	RENOVACIÓNS	RENOVACIÓNS
NOVAS ALTAS	NOVAS ALTAS	NOVAS ALTAS

Abono Online

Tanto **a renovación como a nova alta** poderán realizarse a través da **plataforma dixital** do club, accedendo unicamente co DNI da persoa titular. Unha vez formalizado, o abono poderá recollerse no Estadio Anxo Carro ou na CDLU Store.

Importante: **os abonos vinculados a colectivos con documentación específica** (promoción do Banco de Alimentos, persoas desempregadas, diversidade funcional e Abono Provincial Reducido), tanto nas novas altas como nas renovacións, **deberán xestionarse obrigatoriamente de forma presencial**, presentando a documentación correspondente.

Prezos renovación

Dende o 27 de xullo ata o 9 de agosto

	PREFERENCIA TRIBUNA	FONDO NORTE/SUR	XERAL 2
SUB 14	55€	35€	25€
SUB 24	125€	85€	60€
ADULTO	215€	130€	95€
+65	170€	105€	75€
DESEMPREGADO	170€	105€	75€

Prezos novas altas

Dende o 27 de xullo para fondo sur e a partir do 15 de agosto resto de bancadas

	PREFERENCIA TRIBUNA	FONDO NORTE/SUR	XERAL 2
SUB 14	60€	40€	30€
SUB 24	140€	95€	65€
ADULTO	235€	145€	105€
+65	190€	115€	85€
DESEMPREGADO	190€	115€	85€

**Abono
provincial**

Abono provincial

Creado para facilitar o acceso dos afeccionados albivermellos que residen **fóra do termo municipal de Lugo**, o **Abono Provincial Reducido** permite asistir a **9 partidos de liga regular á elección do abonado**, ademais de incluír o acceso aos partidos de fútbol base.

Desde esta tempada, o **Abono Provincial Reducido non contará con asento asignado**, polo que o seu uso estará suxeito á **dispoñibilidade de localidades**. Para garantir o acceso aos partidos desexados, será necesario que **os abonados se poñan en contacto co club durante a semana previa a cada encontro para retirar a súa entrada**.

Durante ese prazo darase preferencia aos abonados provinciais, pero no caso de **solicitar a entrada o mesmo día do partido, non se garante que haxa dispoñibilidade na zona habilitada para esta modalidade**.

Por iso, recoméndase encarecidamente **tramitar a entrada con antelación**.

Ademais, a todos os titulares do Abono Provincial Reducido reservaráselles o seu asento habitual da tempada anterior ata que teña lugar a regularización interna de asentos. **Se deciden cambiarse ao abono xeral, poderán conservar a súa localidade**. No caso de continuar co Abono Provincial Reducido, ese asento perderase unha vez rematado o proceso de regularización.

Para acollerse a esta modalidade, será necesario **presentar o DNI e realizar o trámite de forma presencial** nos puntos de venda habilitados. Inclúe, ademais, **unha invitación adicional para toda a tempada**.



Prezos renovación

Dende o 27 de xullo ata o 9 de agosto

	PREFERENCIA TRIBUNA	FONDO NORTE/SUR	XERAL 2
SUB 24	60€	45€	30€
ADULTO	110€	65€	50€
+65	85€	55€	40€
DESEMPREGADO	85€	55€	40€

Prezos novas altas

Dende o 27 de xullo e renovacións dende o 15 de agosto

	PREFERENCIA TRIBUNA	FONDO NORTE/SUR	XERAL 2
SUB 24	70€	50€	35€
ADULTO	120€	75€	55€
+65	95€	60€	45€
DESEMPREGADO	95€	60€	45€

Abono Hostaleiro

Abono Hostaleiro

O **Abono Hostaleiro** nace co obxectivo de estreitar lazos entre o CD Lugo e o sector da hostalaría local, enchendo os bares e restaurantes da cidade do orgullo albivermello.

Cun prezo de 450 euros, esta modalidade inclúe:

- Un **abono persoal** para toda a tempada.
- **Invitacións** para cada partido (número por concretar).
- Unha **camiseta oficial do CD Lugo**.
- Unha **insignia física distintiva** como «establecemento colaborador do club».
- Presenza nun **mapa interactivo** dentro da web oficial, con ligazón directa á ficha de Google do establecemento.

Este abono contará con **todas as demais vantaxes** relacionadas co Abono CD Lugo para a tempada 26/27:

- Acceso aos partidos de fútbol base.
- Descontos na CDLU Store.
- Vantaxes nos CDLU Camp.

Unha oportunidade para que os locais hostaleiros da cidade se convertan en puntos de encontro albivermellos durante toda a tempada.

**Albivermellos
polo mundo**

Albivermellos polo mundo

O CD Lugo mantén esta modalidade destinada a todos aqueles abonados que, por razóns persoais ou profesionais, non poden acudir de maneira regular ao Anxo Carro.

O abono «Albivermellos polo mundo» dá dereito a asistir a **4 partidos de liga regular no Anxo Carro**, logo da retirada da entrada e sempre que haxa dispoñibilidade na zona habilitada para esta modalidade.

O carné non permite o acceso directo ao estadio: será necesario solicitar cada entrada de forma individual na semana previa a cada partido.

Este abono pode adquirirse tanto na tenda física como na web oficial do club e terá un prezo de **70 €**.



Particularidades



ENTREGA DO CARNÉ

As persoas que formalicen o seu abono en liña poderán recollelo no Estadio Anxo Carro ou na CDLU Store.



SOCIO INSTITUCIONAL

Significa un maior nivel de vinculación dun abonado co Club Deportivo Lugo.

Inclúe o acceso a todos os partidos de liga de Primeira RFEF que o CD Lugo dispute no Estadio Anxo Carro.



MENORES DE CATRO ANOS

Os nenos menores de catro anos poderán acceder libremente a todos os partidos, sempre que estean acompañados por un adulto e non ocupen unha localidade.



DIVERSIDADE FUNCIONAL

Todas as persoas que acrediten unha discapacidade física ou intelectual superior ao 65 % terán unha bonificación do 100 % no abono do seu acompañante.

Para obter esta bonificación será necesario presentar un certificado oficial de discapacidade actualizado (cunha antigüidade máxima dun ano) no momento de renovar a solicitude ou de tramitar unha nova alta. Este abono so se poderá realizar de maneira presencial.

